

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 2 de setembro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dous de setembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32057.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de agosto 2022.

2.32058.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE VILABOIA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MANTEMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN VIAIS MUNICIPAIS: CARDIÑA, MANGOEIRO, PAREDES E FILGUEIRA”. (Expte. 2022052969)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexitima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.



No marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, mediante acordo núm. 10.31426 da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, concedéuselle ao *concello de Vilaboa* con carácter bienal unha subvención, por importe de 531.974,62 €, correspondendo 270.000,00 € ao exercicio 2022 e 261.974,62 € ao exercicio 2023, co obxecto do financiamento da achega municipal ó REACPON para o investimento “*Ampliación da Casa do Concello*” (Expte. 2022002582), cun orzamento polo importe de 993.834,47€.

En data 21/04/2022 o concello presenta solicitude de desistencia da actuación salientada no paragrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por resolución presidencial 2022003410 de data 04/05/2022 deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 270.000,00 €, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45 e sen efecto a ulterior retención de crédito que tería lugar no exercicio 2023 polo importe de 261.974,62 €, dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento dos novos investimentos que o Concello de Vilaboa pretende acometer.

Neste contexto, en data 26/07/2022 e con rexistro de entrada WEB2022041601, o *Concello de Vilaboa* presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan Concellos 2022\_2023 (anualidade 2022/2023), por importe de 101.000,00 euros, con destino ao financiamento “*Mantemento e mellora da seguridade viaria en viais municipais*”, cun orzamento polo mesmo importe. Vista la imposibilidade de executar o mesmo na zona de Barciela debido á complexidade de obter o título xurídico preciso para xustificar a dispoñibilidade de terreos nesa actuación, o *Concello de Vilaboa* desiste da solicitude realizada e presenta nova solicitude en data 08/08/2022 e con rexistro WEB2022044150 con destino ao financiamento “*Mellora da seguridade viaria en viais municipais: Cardaña, Mangoeiro, Paredes e Filgueira*”, cun orzamento por importe de 101.000,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	70.617,54	70.617,54	0,00	0,00
2023	30.382,46	30.382,46	0,00	0,00
TOTAL	101.000,00	101.000,00	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal relativo á viabilidade urbanística e normativa sectorial. A este respecto, a execución do documento técnico precisa do informe favorable da xefatura territorial de Pontevedra da consellería do Medio Rural (consta no expediente informe favorable), autorizacións da xefatura territorial da Concellería de Economía, Industria e Innovación e da consellería competente en materia de patrimonio cultural (autorizacións formalmente solicitadas e pendentes de conceder) e declaración responsable ante Augas de Galicia.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/08/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexitima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 08/08/2022, e da xefa do Servizo de Cooperación, de data 09/08/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 17/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilaboa* CIF P3605800F, por cambio de finalidade, a cantidade de 101.000,00 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mantemento e mellora da seguridade viaria en viais municipais: Cardaña, Mangoeiro, Paredes e Filgueira*” (Expte.2022052969) cun orzamento polo importe de 101.000,00 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	70.617,54	70.617,54	0,00	0,00
2023	30.382,46	30.382,46	0,00	0,00
TOTAL	101.000,00	101.000,00	0,00	0,00



- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como, súa presentación xunto co acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III), sendo imprescindible que os remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Polo que respecta á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Vilaboa deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilaboa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32059.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022043534)

Os edificios da Deputación de Pontevedra que a continuación se relacionan, contan con equipos e sistemas de protección contra incendios propios:

Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Servizo de Turismo (Palacete das Mendoza), Mosteiro de Armenteira, Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso, Arquivo Provincial, Cohesión Social/Centro A Lanzada, Escola de Canteiros, Finca Laboratorio Mouriscade, Estación



Fitopatoloxía de Areiro, O.R.A.L. (oficinas de Pontevedra e oficinas periféricas) Servizo de Asistencia Intermunicipal/Caan, Servizo de Asistencia Intermunicipal/Revitaliza, Parques de maquinaria (Lalín e Gondomar), Viveiro de empresas Lalín, viveiro de empresas Barro-Meis e Centro de Apoio empresarial Barro-Meis; Centro Príncipe Felipe; Museo de Pontevedra (Fernández López, Castro Monteagudo, García Flórez, Ruínas de San Domingos, Sarmiento e Castelao).

Para o correcto funcionamento das instalacións debe realizarse unha labor de mantemento preventivo e correctivo continua no tempo, que se atopa recollida no Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios (en adiante RIPCI) e no que se establece, no artigo 21 a obrigatoriedade de realizar un mantemento establecido no Anexo II do regulamento.

Segundo informa o servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, os servizos implicados non contan con persoal técnico suficiente nin medios para atender as necesidades e funcións que requiren este servizo. Trátase de funcións específicas e concretas, non habituais, que só se poden prestar por unha empresa de servizos, debido á dificultade e especialización das tarefas a realizar e ante a imposibilidade de prestarse por persoal da Deputación. Ademais, o volume de traballo que requiren non pode ser desenvolto polo persoal existente.

En base ao exposto, con data 28 de xuño de 2022, a Deputada Delegada de Arquitectura dita providencia de inicio de expediente para a contratación da prestación do servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra (lote 1, 2 e 3), complementada con data 13 de xullo do 2022.

Xunto coa providencia de inicio remitíronse os pregos de prescricións técnicas que rexerán nesta contratación.

Tendo en conta que, con data 14 de xullo do 2022, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. A memoria definitiva asinase con data 18 de agosto do 2022.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 14 de xullo do 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 28 de xullo do 2022.

Visto que con data 1 de agosto do 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.





Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 19 de agosto do 2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Deberían tramitarse os expedientes cunha antelación suficiente, que permita ter adxudicado o novo contrato antes da finalización da vixencia do anterior e, sobre todo, neste tipo de contratos de mantemento anual e reiterativo, polo que deben evitarse no futuro este tipo de actuacións así como ter en conta o recollido nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación aprobadas mediante resolución presidencial RP2022000388, de data 21 de xaneiro de 2022, sobre a planificación dos contratos, sendo ademais aconsellable que a duración coincida co ano natural.”*

Visto que, con data 12 de agosto do 2022, Intervención emitiu os seguintes documentos de retención de crédito, cos números de operación e importes que a continuación se indican, polos que se certifica a existencia de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	LOTE 1	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)	Numero RC
2022 (3 meses)	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	1.300,75€	202200165134
	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	453,75€	202200165151
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	433.3360.213.00	193,60€	202200165170
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	314,60€	202200165182
	Patrimonio documental e bibliográfico (Arquivo provincial)	332.3322.213.00	314,60€	202200165188
	Cohesión social e Xuventude (Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00 (vinculación)	108,90 €	202200165208
	Escola de Canteiros	324.3243.213.00	574,75 €	202200165213
	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	496,10 €	202200165214
	Estación Fitopatolóxica Areiro	413.4123.213.00	369,05 €	202200165215
	O.R.A.L .Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	665,50 €	202200165217
	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	102,85 €	202200165220
	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	54,45 €	202200165224
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	181,50 €	202200165227
	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	471,90 €	202200165228
	Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213.00 (vinculación)	114,95 €	202200165229



2023 (9 meses)	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	3.902,25 €	RCFUT1 202200165232
	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	1.361,25 €	RCFUT1 202200165234
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	433.3360.213.00	580,80 €	RCFUT1 202200165655
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	943,80 €	RCFUT1 202200165259
	Patrimonio documental e bibliográfico (Arquivo provincial)	332.3322.213.00	943,80 €	RCFUT1 202200165263
	Cohesión social e Xuventude (Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00	326,70 €	RCFUT1 202200165264
	Escola de Canteiros	324.3243.213.00	1.724,25 €	RCFUT1 202200165276
	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	1.488,30 €	RCFUT1 202200165281
	Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.213.00	1.107,15 €	RCFUT1 202200165286
	O.R.A.L .Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	1.996,50 €	RCFUT1 202200165287
	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	308,55 €	RCFUT1 202200165306
	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	163,35 €	RCFUT1 202200165337
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	544,50€	RCFUT1 202200165339
	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	1.415,70 €	RCFUT1 202200165340
Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213.00	344,85 €	RCFUT1 202200165341	



Anualidade	LOTE 2	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)	Numero RC
2022 (3 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	3.466,65 €	202200165507
2023 (9 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	13.866,60 €	RCFUT1 202200165510

Anualidade	LOTE 3	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)	Numero RC
2022 (3 meses)	Museo de Pontevedra (Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	333.3330.213.00 (vinculación)	1.542,27 €	202200165602
2023 (9 meses)	Museo de Pontevedra (Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	333.3330.213.00	4.626,81 €	RCFUT1 202200165621

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de “*Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*”, cos seguintes lotes:

Lote	Denominación
1	Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza, Mosteiro de Armenteira, Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso), Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial), Cohesión Social e Xuventude (Centro A Lanzada), Escola de Canteiros, Medio Ambiente (Finca Laboratorio Mouriscade), Estación Fitopatoloxía de Areeiro, O.R.A.L. (oficinas de Pontevedra e oficinas periféricas) Asistencia Intermunicipal (CAAN, Revitaliza), Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar), Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas Lalín, viveiro de empresas Barro-Meis e Centro de Apoio empresarial Barro-Meis).
2	Centro Príncipe Felipe
3	Museo de Pontevedra (Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Ruínas de San Domingos, Sarmiento e Castelao)

O prazo de duración será de un ano, contado desde a data sinalada no documento de formalización. Establecese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE, para os tres lotes) ascende á cantidade de 42.904,68 €.

O valor estimado (total para os tres lotes) é de 141.833,64 €.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: I8FVIOR2HZN3E1DD) e de prescricións técnicas (CSV Lote 1: 4MK7C87T9IMH0YZO; CSV Lote 2: 81J764ADFCA399B0; CSV Lote 3: JTFK0QMET1EWMEVR) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 42.904,68 €, IVE incluído, para un ano de duración do contrato.

Á vista das necesidades dos servizos e da entrada en vigor do novo contrato a distribución do importe máximo estimado por anualidades segundo aplicacións orzamentarias facilitadas polos Centros Xestores estímase da seguinte maneira para cada un dos lotes:

Anualidade	LOTE 1	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (3 meses)	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	1.300,75€
	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	453,75€
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaíor)	433.3360.213.00	193,60€
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	314,60€
	Patrimonio documental e bibliográfico (Arquivo provincial)	332.3322.213.00	314,60€
	Cohesión social e Xuventude (Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00 (vinculación)	108,90 €
	Escola de Canteiros	324.3243.213.00	574,75 €
	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	496,10 €
	Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.213.00	369,05 €
	O.R.A.L .Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	665,50 €
	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	102,85 €
	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	54,45 €
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	181,50 €
	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	471,90 €
	Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213. 00 (vinculación)	114,95 €



2023 (9 meses)	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	3.902,25 €
	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	1.361,25 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	433.3360.213.00	580,80 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	943,80 €
	Patrimonio documental e bibliográfico (Arquivo provincial)	332.3322.213.00	943,80 €
	Cohesión social e Xuventude(Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00	326,70 €
	Escola de Canteiros	324.3243.213.00	1.724,25 €
	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	1.488,30 €
	Estación Fitopatolóxica Areceiro	413.4123.213.00	1.107,15 €
	O.R.A.L .Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	1.996,50 €
	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	308,55 €
	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	163,35 €
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	544,50€
	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	1.415,70 €
	Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213.00	344,85 €

Anualidade	LOTE 2	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (3 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	3.466,65 €
2023 (9 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	13.866,60 €



Anualidade	LOTE 3	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (3 meses)	Museo de Pontevedra (Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	333.3330.213.00 (vinculación)	1.542,27 €
2023 (9 meses)	Museo de Pontevedra (Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	333.3330.213.00	4.626,81 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsables do contrato en cada un dos lotes ás seguintes persoas:

- Lote 1: María Carmen Gómez Manzano, xefa do servizo de Arquitectura.
- Lote 2: Patricia Pérez Fernández, Técnica de mantemento do Centro Príncipe Felipe.
- Lote 3: Antía Parcero Rodal, Técnica de mantemento do Museo de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

4.32060.- AUTORIZACIÓN DA PARALIZACIÓN TOTAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 9212 ENTRE NOALLA E A PRAIA DA LANZADA, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+224 (SANXENXO)”. (Expte. 2021020912)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2021 acordou adxudicar á empresa *Elsamex Gestión de Infraestructuras, S.L.*, o contrato de execución da obra “Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)”, por importe de 771.980,00 € IVE incluído e un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 31/12/2021 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 31/06/2022.





Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/05/2022 acordou conceder á empresa *Elsamex Gestión de Infraestructuras, S.L.*, (CIF88586920), unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 31/08/2022.

Resultando.- Que con data 05/08/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de paralización total das obras, quedando nese intre 26 días para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que unha vez executada practicamente a totalidade da obra, faltan pequenas actuacións como o recrecido dos pozos de rexistro e das tapas das arquetas existentes, na actualidade en metade da calzada recentemente aglomerada, a colocación dos elementos separadores entre a senda e o aglomerado, a colocación dos captafaros, sinalización vertical, etc...

Tendo en conta que estes traballos afectan ó correcto tránsito dos vehículos motorizados ó ter que actuar coas máquinas en metade da calzada, dado que o tramo onde se está actuando é unha vía imprescindible de acceso á zona de praias orixinando os traballos que quedan un grave prexuízo ó importante sector turístico desta vila costeira, o director da obra e a empresa consensuaron a paralización total dos traballos restantes ata o remate da época estival.

Resultando.- Que na acta recóllese que o importe de obra executado e de 646.259,34 €, sendo o porcentaxe de obra pendente de executar do 16,29%. Coa acta de paralización xuntase anexo no que se recolle a medición das unidades de obra executada.

Resultando.- Que posteriormente o director de obra emitiu informe complementario, recollendo que se estima coma data límite para reiniciar a execución das obras o día 12/09/2022.

Resultando.- Que con data 24/08/2022 emitiu informe o adxunto á xefatura do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “*...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra na acta de paralización, pode deducirse que de continuar coa execución da obra durante o período estival no que nos atopamos e á vista das unidades de obra pendentes de executar, produciríase un grave prexuízo o sector turístico desta vila costeira, pois estes traballos afectan ó correcto tránsito de vehículos motorizados sobre unha vía imprescindible de acceso ás praias, polo que parece razoable paralizar a execución das obras durante o que resta de período estival Como queira que por motivo de ausencia de varias/os deputadas/os durante o período estival, mediante Resolución Presidencial número 2022005764, de data 10 de agosto do 2022, se acordou a non celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno dos días 19 e 26 de agosto do 2022, polo que a próxima Xunta de Goberno a celebrar, previsiblemente, será o día 2 de setembro do 2022, cabería que o Órgano de Contratación, que para este expediente é a Xunta de Goberno, na primeira sesión que celebre despois do período estival, autorizara a suspensión total da execución da obra, dándolle eficacia retroactiva á acta de paralización dende a data da súa formalización, xa que non se lesionan dereitos ou intereses lexítimos de outras persoas, debendo producir efectos dende o día 05/08/2022. Superado o período estival, deberá formalizarse acta de reinicio das obras, quedando nese intre 26 DÍAS para finalizar o prazo de execución, establecendo coma data límite para o reinicio o día 12/09/2022...*”





Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

Considerando.- Que o artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co 52 do mesmo texto legal, recolle que se poderá outorgar eficacia retroactiva ós actos cando produzan efectos favorables ó interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data á que se retrotaiga a eficacia do acto e non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas. Se adolecera dalgún vicio, e este consistise na falta de algunha autorización, poderá ser convalidado mediante acto de outorgamento da mesma polo órgano competente.

Considerando.- Que por Resolución Presidencial número 2022005764, de data 10 de agosto do 2022, acordouse a non celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno dos días 19 e 26 de agosto do 2022, polo que a próxima Xunta de Goberno a celebrar, previsiblemente o día 2 de setembro do 2022.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a paralización total da execución do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)”*, dándolle eficacia retroactiva á acta de paralización dende a data da súa formalización, producindo efectos dende o día 05/08/2022.



Superado o período estival, deberá formalizarse acta de reinicio das obras, quedando nese intre 26 DÍAS para finalizar o prazo de execución, establecendo coma data límite para o reinicio o día 12/09/2022.

5.32061.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL N°2022005950, POLA QUE SE ADXUDICOU Á EMPRESA NKE CAD SYSTEMS, S.L., O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA “RENOVACIÓN DO LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DE AUTODESK DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022039027)

Con motivo de ausencia de varias/os deputadas/os durante o período estival, mediante Resolución Presidencial número 2022005764, de data 10 de agosto do 2022, acordouse a non celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno dos días 19 e 26 de agosto do 2022. Dito acordo adoptouse sen prexuízo de convocar sesións extraordinarias, ou avocar a competencia, para asuntos urxentes que non podan ser demorados.

A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á Presidenta para actuar como órgano de contratación no contrato relativo á renovación do licenciamento do software de autodesk da Deputación de Pontevedra. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.

O Servizo de Novas Tecnoloxías, a través de escrito de data 12 de agosto do 2022, indica que a decisión que poida recaer no expediente tramitado para á adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato relativo á renovación do licenciamento do software de autodesk da Deputación de Pontevedra, convén subtraela do órgano competente para resolver por razóns de urxencia, que aconsellan non demorar a tramitación deste asunto durante o período estival.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fágano conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada.



A Presidencia con data 18 de agosto de 2022 ditou a Resolución Presidencial número 2022005950 adxudicando á empresa NKE CAD SYSTEMS SL (B86798949), o procedemento aberto simplificado convocado para contratación da renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

*“A Presidenta, en virtude das facultades que ten atribuídas pola normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 15 de xullo de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de “Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.*

*O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 19 de xullo de 2022. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.*

*Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 04 de agosto de 2022, procedeu á apertura electrónica da documentación presentada nos sobres únicos, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos.*

*Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados cos criterios de valoración automática, a Mesa de Contratación, na mesma sesión, clasificou por orde decrecente as ofertas admitidas, e acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa NKE CAD SYSTEMS SL (B86798949) polos prezos e valores ofertados.*

*A Mesa de Contratación comprobou que a empresa NKE CAD SYSTEMS SL (B86798949), proposta como adxudicataria, figuraba inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estaba debidamente constituída, e non estaba incurso en ningunha prohibición de contratar. Asemade, facultou ao secretario da Mesa para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*Con data 08 de agosto do 2022, o secretario da Mesa de Contratación, requiriu á empresa NKE CAD SYSTEMS SL (B86798949), para que remitise a referida documentación no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seu envío (Rexistro saída NOT 2022017307, do 08/08/2022).*



Con data do 10 de agosto de 2022, a empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022044570), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.405,42 € (carta de pago número operación 202200165236, do 11/08/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Tendo en conta que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

Tendo en conta que, por motivo de ausencia de varias/os deputadas/os durante o período estival, mediante Resolución Presidencial número 2022005764, de data 10 de agosto do 2022, se acordou a non celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno dos días 19 e 26 de agosto do 2022, polo que a próxima Xunta de Goberno a celebrar, previsiblemente, será o día 2 de setembro do 2022. Dito acordo adoptouse sen prexuízo de convocar sesións extraordinarias, ou avocar a competencia, para asuntos urxentes que non podan ser demorados.

Visto o informe do servizo de Novas Tecnoloxías, segundo o cal que a decisión que poida recaer no presente expediente convén subtraela do órgano competente para resolver por razóns de urxencia, que aconsellan non demorar a tramitación deste asunto durante o período estival.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fágano conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

Tendo en conta o disposto no artigo 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, RESOLVO:

1.- Avocar puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno como órgano de contratación do contrato de “Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra (2022039027)”, por razóns de urxencia, que aconsellan non demorar a tramitación deste asunto ata a celebración da próxima Xunta de Goberno ordinaria, a cal, por motivo do período estival, non se celebrará previsiblemente ata o día 2 de setembro do 2022.



2.- Adxudicar o contrato de subministración para a “Renovación do licenciamiento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra” á empresa NKE CAD SYSTEMS SL (CIF: B86798949) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

O prezo total do contrato para os tres anos é o seguinte:

Prezo sen IVE:	88.108,39 €
IVE (21%):	18.502,76 €
Prezo total:	106.611,15 €

O prazo de duración do contrato será de 3 anos, dende o 18 de setembro de 2022 e ata o 17 de setembro de 2025.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para este ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2023 e 2024 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, á 926.9260.206.00, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago realizarase tras a presentación da oportuna factura, ao inicio de cada anualidade, e acreditada a renovación das licencias por completo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022039027	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



*Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriránlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022005950 de data 18 de agosto de 2022 na que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para poder axilizar o trámite de adxudicación á empresa NKE CAD SYSTEMS SL (B86798949), do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da renovación do licenciamento do software de Autodesk da Deputación de Pontevedra, por un importe total, IVE engadido, de cento seis mil seiscientos once euros con quince céntimos (106.611,15 €).

6.32062.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “PATROCINIO PUBLICITARIO DO FESTIVAL PORTAMÉRICA 2022, A CELEBRAR NOS CONCELLOS DE PORTAS E CALDAS DE REIS OS DÍAS 2, 3 E 4 DE XUÑO DE 2022”. (Exppte.2022026444) (Devogarán 2022052179)

Por Resolución Presidencial RP2022003918, de data 20 de maio de 2022 (CSV:X623UCT9S2K34GQS), aprobouse a ampliación do contrato relativo a “*Patrocinio publicitario do Festival Portamérica 2022*” (Exppte. 2022026444).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Esmerarte, Industrias Creativas, S.L.* (CIF:B-27786045), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 4.000,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202200105782 de data 20/05/2022.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Esmerarte, Industrias Creativas, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Patrocinio publicitario do Festival Portamérica 2022*” (Expte. 2022026444), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída mediante aval de *BBVA*, por importe de 4.000,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/05/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200105782.

7.32063.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE MEIS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “RECUPERACIÓN, POSTA EN VALOR E SOCIALIZACIÓN DO PETRÓGLIFO DE OUTEIRO DO CRIBO” (Expte. 2021054461)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 10 de decembro de 2021, unha subvención a favor do *Concello de Meis*, con NIF: P3602800I, para a “*Recuperación, posta en valor e socialización do petróglifo de Outeiro do Cribo*”, por un importe de 21.902,55€, con cargo á aplicación 22/332.3322.762.00.2021, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, con data 11 de agosto de 2022 (núm. de rexistro WEB2022044788), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día por carecer do preceptivo informe sectorial de Patrimonio para a execución das obras obxecto da axuda, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.32064.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN VEGANAGAL DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE ARTÍSTICA MANTO COLECTIVO COVA”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte.2022020626)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Veganagal* con CIF: G-05.496.351, do *Concello de Vigo*, por un importe de 1.047,46 €, para a “*Realización da actividade artística manto do colectivo cova*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 19/08/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





9.32065.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL PONTENOVA DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “FESTIVAL FOLK 2022”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte.2022018855)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asoc. Cultural Pontenova*, con CIF: G-36.226.413, do *Concello de Salvaterra de Miño*, por un importe de 772,50 €, para o “*Festival Folk 2022*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 02/08/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

10.32066.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA CASA CULTURA ARTÍSTICA Y DEPORTIVA DE AREAS PUENTEAREAS DO CONCELLO DE PONTEAREAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “I MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte.2022020397)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Casa Cultural Artística y Deportiva de Areas Puenteareas*, con CIF: G-36.033.371, do *concello de Ponteareas*, por un importe de 1.047,46€, para a “*I Mostra Internacional de Teatro*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 02/08/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

11.32067.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A “SOCIEDAD DEPORTIVA JUVENIL PONTEAREAS” POR ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL NA MODALIDADE DE FÚTBOL (Expte.2022034255)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2020 unha subvención a favor da *SD Juvenil Puenteareas*, con NIF: G36195550, do *Concello de Ponteareas*, por un importe de 799,66 €, para “*Deporte Federado Ámbito Inferior A Nacional (Fútbol)*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022046019 con data 22/08/22 do citado club renunciando á subvención concedida por motivos legais, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





12.32068.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022053985, que contén 54 facturas e por un importe de 546.943,58 € e con CSV: OX88NK1LRLZZO2N9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/08/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	546.044,56 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	899,02 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	546.943,58 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

 13.32069.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022055897, que contén 2 facturas e por un importe de 2.613,60 €, con CSV: 8VHY9Y0W5X1YU0CH, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 25 de agosto de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	2.613,60 €
Descontos do IRPF .....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	2.613,60 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



14.32070.- APROBACIÓN DO PAGAMENTO DOS PREMIOS DO “I PROGRAMA DE EMPRENDEMENTO NO VIVIERO DE BARRO” POLO PROCEDUREMTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exppte.2022054389

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emite informe de data 16 de agosto de 2022 no que pon de manifesto que a Deputación de Pontevedra, no seu propósito de promover o talento e o potencial emprendedor no tecido empresarial da provincia de Pontevedra, ven mantendo desde o ano 2016 dentro do marco do proxecto “*SmartPeme*”, diferentes iniciativas dirixidas ás persoas emprendedoras, autónomas e PEMES da provincia co fin de axudarlles a estimular e a potenciar os seus proxectos empresariais.

Resultando que o equipo de goberno da Deputación de Pontevedra é consciente da importancia do emprendemento na dinamización da economía, do potencial crecemento da provincia e da necesidade real de formación e apoio, motivo polo que se está a desenvolver un itinerario de actividades complementarias que permita servir de apoio e guía as PEMES e as persoas autónomas de diversos sectores económicos.

Resultando que con data 25/02/2022 e dentro das actuacións previstas no Proxecto SmartPeme, a Deputación de Pontevedra e a Fundación Roberto Rivas formalizaron un Convenio de colaboración para a promoción de iniciativas emprendedoras nos viveiros de empresas de Barro e de Lalín da Deputación de Pontevedra e na súa contorna.

Resultando que con esta iniciativa a Deputación de Pontevedra e a Fundación Roberto Rivas promoven unha serie de actuacións de apoio na creación de proxectos empresariais nas súas fases máis temperás para fomentar o emprendemento empresarial no rural, fundamental para favorecer a creación dunha economía social e sostible.

Resultando que nesta liña, entre o 1 de xuño e o 31 de xullo de 2022, realizouse o “I Programa de Emprendemento no Viveiro de Barro”, onde as persoas acudiron as sesións de formación, dinámicas grupais e asesoramento personalizados co equipo de persoas asesoras de “*SmartPeme*”, e á finalización do programa, premiouse á mellor iniciativa sostible e á mellor iniciativa dixital cunha contía de 1.000,00 euros cada unha.

Resultando que a publicidade deste evento efectuouse na páxina web do proxecto “*SmartPeme*” e a participación na acción e a concesión dos premios realizáronse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Resultando que no citado informe do Xefe de Novas Tecnoloxías figura que se realizaron todas as actividades programadas no “I Programa de Emprendemento no Viveiro de Barro” de maneira satisfactoria, finalizando o 26 de xullo de 2022 cun acto de clausura onde se presentaron todos os proxectos participantes na iniciativa, e tras a valoración realizada polo “Comité de Avaliación do



Programa”, resultaron premiados as propostas “*Tombo Bags*” realizada por Sara Formoso Cuesta como mellor proxecto de emprendemento sostible e o proxecto “*Skeirrum*”, realizado por Cintia Lomba Lomba, como mellor iniciativa de emprendemento dixital, cun premio dun importe de 1.000,00 € cada un deles, motivo polo que se propón que se proceda a efectuar o aboamento do importe dos premios a cada unha das persoas que resultaron gañadoras.

Resultando que pola Intervención con data 17 de agosto de 2022 emítase informe en relación cos premios concedidos no “I Programa de Emprendemento no Viviero de Barro” a Sara Formoso Cuesta e a Cintia Lomba Lomba, nas categorías de mellor iniciativa de emprendemento sostible e mellor iniciativa de emprendemento dixital, respectivamente, por importe de 1.000,00 euros, cada un, onde figura o seguinte “... *Dita convocatoria de premios publicouse o día 6 de maio de 2022 na páxina web https://smartpeme.depo.gal e constan no expediente as actas do xurado de valoración dos proxectos gañadores. Non obstante, non existe constancia da tramitación de expediente administrativo algún, implicando a nulidade radical da obriga e procedendo, de acordo coa base décimo sétima de execución do vixente orzamento, o recoñecemento extraxudicial de crédito*”

Resultando que na aplicación orzamentaria 22/942.4330.481.02 do vixente orzamento provincial, segundo consta no documento RC número de operación 202200093737 de data 11 de maio de 2022 existe crédito suficiente para facer fronte o gasto do pagamento dos premios concedidos no “I Programa de Emprendemento no Viviero de Barro” a Sara Formoso Cuesta e a Cintia Lomba Lomba, nas categorías de mellor iniciativa de emprendemento sostible e mellor iniciativa de emprendemento dixital, respectivamente.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2022 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumpran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento as obrigas derivadas dos premios concedidos no “*I Programa de Emprendemento no Viviero de Barro*” a *Sara Formoso Cuesta e a Cintia Lomba Lomba*, nas categorías de mellor iniciativa de emprendemento sostible e mellor iniciativa de emprendemento dixital, respectivamente, por un importe global de dous mil euros (2.000,00 €), de acordo co seguinte detalle.

Categoría premios	Persoas premiadas	NIF	Importe
“ <i>Mellor iniciativa de emprendemento sostible</i> ”	Sara Formoso Cuesta	***8185**	1.000,00 €
“ <i>Mellor iniciativa de emprendemento dixital</i> ”	Cintia Lomba Lomba	***1509**	1.000,00 €
Total premios.			2.000,00 €



2. Que o gasto correspondente ao pagamento dos premios concedidos no “I Programa de Emprendemento no Viviero de Barro”, por un importe global de 2.000,00 €, se impute a aplicación orzamentaria 22/942.4330.481.02 do vixente orzamento provincial.

15.32071.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA CONTRA O ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO, DE DATA 28 DE XULLO DE 2022, POLO QUE SE DENEGABA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO (Expte. 2022024013)

Visto o recurso de reposición interposto polo Concello de A Illa de Arousa o 9 de agosto de 2022 (nº rexistro WEB202204382), fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de data 29 de xullo de 2022, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, presentada ao abeiro da convocatoria publicada no BOPPO núm. 47, data 9 de marzo de 2022.

Visto o informe-proposta da Xefa do Servizo de Igualdade, de data 25 de agosto de 2022, co CSV:6JF5I8A15VL8DMJ4, conformado polo Secretario Accidental e que é do seguinte teor literal:

*“Ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022 (BOPPO núm. 47, data 9 de marzo de 2022), o Concello de A Illa de Arousa presentou no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro WEB2022021276/ data 8 de abril de 2022), a súa solicitude de participación en dita convocatoria.*

*Logo de revisar a documentación achegada polo Concello, o 27 de abril de 2022 se lle requiriu para que no prazo de dez días emendase a solicitude de subvención, xa que o Anexo II presentado estaba incompleto e se lle pedía a maiores un orzamento no que se detallasen cada un dos conceptos con cantidades e prezos unitarios para os que se solicitaba a subvención.*

*Dito requirimento recibíuse polo Concello de A Illa de Arousa o día 28 de abril de 2022, segundo consta no resgardo correspondente que figura no expediente administrativo da súa razón, sen que finalizado o prazo concedido se recibise contestación algunha ao respecto.*

*En relación co anterior, unha vez finalizada a fase de instrución do procedemento por parte do centro xestor, a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2022, acordou denegarlle a subvención ao Concello de A Illa de Arousa para o proxecto igualdade de oportunidades e prevención da violencia de xénero, por non contestar ao requirimento de emenda da súa solicitude de subvención nos termos expostos.*

*A notificación electrónica de denegación da subvención realizouse o 4 de agosto (NOT2022017197), e o Concello recibiu dita notificación o 9 de agosto.*



*Ese mesmo día (nº rexistro WEB202204382), o Concello de A Illa de Arousa presenta recurso de reposición fronte ao citado acordo da Xunta de Goberno manifestando os distintos impedimentos que tiveron para remitir a documentación requirida en prazo, ao tempo que lle conceda a subvención solicitada inicialmente.*

*Analizados os argumentos expostos polo Concello de A Illa de Arousa no seu recurso (interposto en tempo e forma, conforme aos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015), adiantamos que a súa pretensión non pode ser acollida polos seguintes motivos:*

*-De acordo co establecido na base décimo primeira da convocatoria, en relación co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 27 de abril de 2022 requiríuse ao interesado para que no prazo de dez días emendase a súa solicitude, advertíndolle expresamente que de non facerse así se lle tería por desistido da súa solicitude, tal e como se acordou pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 29 de xullo de 2022, ao non constar no expediente que se atendese dito requirimento en tempo e forma.*

*-No seu propio recurso de reposición o Concello de A Illa de Arousa reconece esa circunstancia cando sinala que”...o novo documento requirido preparouse e asinouuse pola Alcaldía en data 03 de maio de 2022, dentro do prazo de dez días establecido para a subsanación (acompañase copia). Non obstante o mesmo non foi remitido por erro involuntario derivado da situación de precariedade no que se atopaba a plantilla de persoal naquelas datas, xa que a persoa responsable da remisión da documentación tiña moita carga de traballo e dificultou o seu envío en prazo...”.*

*- O artigo 29 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, preceptúa que “Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos”, sen que os motivos expostos polo Concello desvirtúen tal obriga legal.*

*Por todo o exposto, propónse a desestimación do recurso de reposición presentado polo Concello de A Illa de Arousa fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de data 29 de xullo de 2022, polo que se desestimou a subvención solicitada ao amparo da convocatoria para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, nos Concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes.”*

Visto que de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirán de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Considerando que a Xunta de Goberno é o órgano competente para a resolución do recurso de reposición ao ser o mesmo órgano que ditou o acto obxecto de impugnación, conforme ao establecido no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar o recurso de reposición interposto polo *Concello de A Illa de Arousa* fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de data 29 de xullo de 2022, polo que se desestimou a subvención solicitada ao amparo da convocatoria para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, nos Concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, nos termos expostos no informe da Xefa do Servizo de Igualdade transcrito anteriormente e que se acepta na súa integridade servindo de motivación ao presente acordo.

16.32072.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE CAMBIO DE DURACIÓN DO PROXECTO ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2021 E APROBACIÓN DUNHA “EMENDA AO CONVENIO DE SUBVENCIÓN CO SEPIE (NÚMERO DE CONVENIO 2021-1-ES01-KA121-VET-000011724) PARA A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN RELACIÓN Á GUERRA DE UCRÁINA” (Expte.2021060768)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 03/12/2021 adoptou o acordo 2.31037.- APROBACIÓN DO PROXECTO E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO “PRACTICUM DEPO 2021” PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2021 DO PROGRAMA ERASMUS+ (Expte.2021060768).

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 9 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal e Romanía.



Non obstante o anterior, as persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos países do programa Erasmus+ distinto aos contemplados no ámbito de actuación do proxecto. Isto inclúe países pertencentes á Unión Europea (Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Francia, Hungría, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Polonia, Romanía e Suecia) así como países non pertencentes á mesma (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia, entre outros).

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 01/09/2021 ata o 30/11/2022. Ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios terán a posibilidade de prolongar os seus proxectos ata unha duración total de 24 meses. Isto establécese na Guía do Programa Erasmus+ (Erasmus+ Programme Guide), que forma parte integrante da Convocatoria de Propostas 2022 do programa.

Atendendo á cláusula II.13 do convenio de subvención entre a Deputación de Pontevedra e o SEPIE, preténdese solicitar a ampliación da duración do proxecto a 24 meses facendo uso do dereito inherente a todos os beneficiarios.

A solicitude de ampliación da duración do proxecto fundaméntase nas necesidades derivadas da súa propia xestión e desenvolvemento. Nestes momentos, coexisten no Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local 2 proxectos que se desenvolven no marco do programa Erasmus +: o Practicum Depo 2020 (prorrogado ate o 31/12/2022) e o propio Practicum Depo 2021. Ademais disto, o 15/07/2022 o SEPIE emitiu a resolución pola que se publicaron os listados de solicitudes seleccionadas e rexeitadas correspondentes á Convocatoria de Propostas 2022 do programa Erasmus+, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización dun novo proxecto. En consecuencia, nun horizonte temporal próximo, desenvolveranse simultaneamente no servizo 3 proxectos Erasmus + correspondentes a convocatorias distintas.

Por conseguinte, dada esta situación conxuntural, precísase dispoñer dunha marxe temporal máis ampla para atender ás necesidades derivadas da xestión do proxecto, non só atendendo á organización das mobilidades pendentes, se non a outras actividades como a difusión e comunicación, a elaboración do informe final do proxecto, realizar a avaliación do impacto xerado ou a introdución e publicación dos datos dos resultados nas distintas aplicacións do programa. A ampliación temporal solicitada considérase necesaria para manter o nivel de calidade acadado en anteriores proxectos realizados no marco do Programa Erasmus+ e para lograr un alto nivel de execución orzamentaria.

Por outra parte, o 17/03/2022 o SEPIE publicou unha nota informativa ante a alarmante situación acontecida en Ucraína por motivo da guerra. Nesta nota convidábase ás entidades beneficiarias dos proxectos a reflexionar sobre a posibilidade de adaptar as actividades dos proxectos en curso para contribuír a socorrer ou asistir ás persoas desprazadas ou afectadas pola guerra.



A Deputación de Pontevedra, en calidade de entidade beneficiaria dun proxecto en curso e atendendo aos comunicados do SEPIE, está a considerar proporcionar apoio a través do seu proxecto Erasmus+ a estudantes, profesores ou educadores ucráinos nestes tempos extremadamente difíciles. Isto concretaríase adaptando o enfoque das actividades do proxecto, realizando un número máximo de 5 mobilidades entrantes de estudantes e persoal de Formación Profesional procedentes de Ucraína aos que se lle proporcionaría unha bolsa de mobilidade en concepto de apoio á viaxe e apoio individual (manutención, aloxamento e transportes locais).

Esta iniciativa, ademais de prestar apoio e axuda ao pobo ucráino neste difícil contexto, repercutirá positivamente na execución orzamentaria do proxecto e contribuirá a lograr os obxectivos da Acreditación Erasmus+ da Deputación de Pontevedra e as prioridades do programa.

Do mesmo xeito, considérase que esta iniciativa se adapta aos requisitos establecidos polo SEPIE. Así, non suporá unha desviación dos obxectivos orixinais do proxecto nin terá repercusións económicas adicionais, xa que se atenderá co orzamento do propio proxecto.

Para a súa implantación é preciso realizar unha modificación do convenio de subvención. Calquera modificación do proxecto que resultara nun cambio do convenio de subvención e nos seus anexos deberá realizarse mediante unha emenda ao convenio de subvención de conformidade co establecido a este respecto no propio convenio.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 29 de agosto de 2022.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a ampliación da duración do proxecto ERASMUS+ PRACTICUM DEPO 2021 (2021-1-ES01-KA121-VET-000011724) de 15 meses a 24 meses.
2. Aprobar realización dunha emenda ao convenio de subvención (2021-1-ES01-KA121-VET-000011724) entre a Deputación de Pontevedra e o SEPIE para a implantación de medidas excepcionais en relación á guerra de Ucraína, consistentes na realización dun número máximo de 5 mobilidades entrantes de estudantes e persoal de Formación Profesional procedentes deste país.

Non obstante o anterior, a realización desta emenda quedará condicionada á existencia de persoas procedentes de Ucraína interesadas en participar no proxecto e que cumpran cos requisitos establecidos.





17.32073.-

RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 12/08/2022 (Nº6.32048), DE ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 3 E DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 2, DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES E ILLAS ECOLÓXICAS DOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU”. (Expte. 2022029400)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de agosto do 2022, declarou deserto o Lote 2, e adxudicou os Lotes 1 e 3 do contrato de *Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU* á empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (CIF: B- 25.335.332).

Advertido un erro no cadro de financiamento do contrato, que contempla os importes de aprobación do expediente, e non os resultantes da adxudicación dos correspondentes lotes, faise necesario proceder a súa rectificación.

Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que permite ás Administracións Públicas rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Rectificar o erro material producido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12 de agosto do 2022, que adxudica os Lotes 1 e 3 do contrato de *Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU*, e declara deserto o lote 2, nos seguintes termos:

**ONDE DÍN:**

- *As obrigas derivadas do presente contrato, financiaranse con cargo ás aplicación orzamentarias dos proxectos “Comerce Inside” e “Da Túa Man” do vixente orzamento provincial considerando o ámbito de actuación dos proxectos e conforme ao seguinte:*

<i>Annualidade</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe total (co IVE)</i>
2022 <i>Proxecto Comerce Inside</i>	22/433.4314.652.99 <i>Investimentos para concellos_UE_Turismo (Prox. 92210001 Comerce Inside) ou na súa vinculación xurídica</i>	406.076,00€
2022 <i>Proxecto da túa Man</i>	22/240.4314.652.99 <i>Investimentos para concellos_UE_Promoción de Emprego (Prox. 92210002 Da Túa Man)</i>	415.756,00€

**DEBE DICIR:**

- *As obrigas derivadas do presente contrato, financiaranse con cargo ás aplicación orzamentarias dos proxectos “Comerce Inside” e “Da Túa Man” do vixente orzamento provincial considerando o ámbito de actuación dos proxectos e conforme ao seguinte:*

<i>Annualidade</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe total Lote 1 (co IVE)</i>	<i>Importe total Lote 3 (co IVE)</i>
2022 <i>Proxecto Comerce Inside</i>	22/433.4314.652.99 <i>Investimentos para concellos_UE_Turismo (Prox. 92210001 Comerce Inside) ou na súa vinculación xurídica</i>	125.235,00 €	44.358,60 €
2022 <i>Proxecto da túa Man</i>	22/240.4314.652.99 <i>Investimentos para concellos_UE_Promoción de Emprego (Prox. 92210002 Da Túa Man)</i>	115.580,41 €	73.931,00 €



18.32074.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 04/06/2021 (Nº35.30400), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL”, POR CAMBIO DO PROXECTO. (Expte. 2021008199)

En data 04/06/2021, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 35.30400, concedeuse ao *concello de Nigrán*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 702.800,00 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentado de camiños de titularidade municipal*” (expediente: 2021008199), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 14/06/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022035463, dunha instancia xenérica do *Concello de Nigrán* que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido e a resolución da alcaldía, de data 13/06/2022, que aproba o novo proxecto e solicita a súa tramitación.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade de cumprir cos condicionamentos recollidos nas autorizacións sectoriais e emendar as deficiencias detectadas pola enxeñeira municipal no seu informe de supervisión de data 21/01/2022.

Neste contexto, o novo proxecto descritivo das obras a realizar, que non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, supón un incremento de custe en 4.130,86 €, dado que pasa a importar 706.930,86 € no lugar dos 702.800,00 € establecidos inicialmente. A subvención outorgada pola Deputación permanece invariable nos 702.800,00 €, debendo a entidade municipal asumir o sobre custe.

#### Fundamentos xurídicos

##### Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

##### Resolución do expediente

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.  
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non prexudicar dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 24/08/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/08/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 25/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 35.30400, do día 04/06/2021, polo que se concedía ao *Concello de Nigrán*, CIF: P3603500D, a cantidade de 702.800,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentado de camiños de titularidade municipal*” (expediente: 2021008199), no sentido de substituír o proxecto que figura no expediente polo achegado en data 14/06/2022 con número de rexistro WEB2022035463.
- O importe da subvención a cargo da Deputación de Pontevedra permanece invariable, non obstante o orzamento do novo proxecto ascende a 706.930,86 € o que supón un incremento de 4.130,86 € sobre o proxecto inicialmente aprobado, asumindo o *Concello* o compromiso da súa financiación.
- O novo proxecto presentado non altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.



- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 35.30400, do día 04/06/2021, permanecerá invariable no referente a licitación, prazos de execución e xustificación do investimento conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, maila que a concesión segue condicionada a que o *Concello* aporte á resolución favorable de Augas de Galicia, do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, de Patrimonio, as prórrogas das autorizacións sectoriais correspondentes a AXI da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra e a acta de trazado previo (Anexo II), antes da licitación do investimento ou, en todo caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

19.32075.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

20.32076.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

